



## COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE XULLO DE 2024

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión anterior (reunión ordinaria de 3 de xuño de 2024).
2. Validar as primeiras accións de internacionalización da Facultade de Dereito.
3. Non admitir a tramitación con cargo ao presuposto da Facultade dos gastos xerados polos tribunais das teses de doutoramento ou de prazas de profesorado, por estar centralizados noutras partidas orzamentarias e ser incompatibles coas dietas de manutención que perciben as devanditas persoas.
4. Validar a realización das obras previstas na Facultade para os vindeiros meses.
5. Validar o cronograma provisional de actividades da Facultade de Dereito para o curso 24/25.
6. Validar as guías docentes do Grao en Dereito e do PCEO para o curso 24/25, a excepción da guía da materia Dereito romano que queda condicionada á revisión do apartado relativo á planificación da avaliación, delegando a competencia para a súa validación na coordinadora da titulación.
7. Validar as guías docentes do Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría para o curso 24/25.
8. Validar o programa e a data de celebración da xornada de acollida do Grao en Dereito e do PCEO ADE-Dereito e do Curso de Orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito e 4º curso do PCEO ADE- Dereito (Curso 3.5).
9. Adoptar medidas de carácter tecnolóxico para detectar o uso fraudulento de dispositivos móbiles nos exames.
10. Validar o Anexo I do Procedemento DE-02: Panel de indicadores, Cadro de Mando da Facultade de Dereito.

Ourense, 29 de Xullo de 2024

A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.